



Alumnado participante no IX *Échange Scolaire*
IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas
R/. Xosé Neira Vilas, 3
15172 Perillo. Oleiros

Queridas alumnas e alumnos:

Recibo con ledicia a vosa postal desde a Bretaña francesa e síntome moi orgulloso de que esteades a tirar proveito desa viaxe de intercambio co Collège-Lycée Notre Dame Le Menimur de Vannes, no país veciño.

Estou seguro de que, ademais de mellorar o voso nivel idiomático, estaredes a coñecer de primeira man a cultura e os costumes desa bela rexión francesa, guiados polos tres profesores que vos acompañan.

Uns docentes que están a demostrar responsabilidade e dedicación máis aló da súa obriga e que contribúen a que non perdades ningún detalle importante nesa viaxe, a bo seguro única. Gustaríame que lles transmitirades o meu agradecemento polo seu traballo.

Anímovos a continuar polo camiño do estudo e o esforzo, o único para acadar os vosos soños. E deséxovos moita sorte para superar o DELF B2, en maio de 2018. Non deixedes de estudar.


Santiago de Compostela, 17 de abril de 2017